

**Resolución do 19 de setembro de 2022, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para a provisión de dúas prazas da escala técnica de publicacións do Parlamento de Galicia, convocado por un acordo da Mesa do Parlamento de Galicia do 15 de xuño de 2021, pola que se fan públicas as cualificacións definitivas do terceiro exercicio**

Nas sesións dos días 7 e 19 de setembro de 2022, o tribunal designado por resolución da Presidencia do 15 de outubro de 2021 (BOPG núm. 215, do 20 de outubro de 2021) para cualificar o proceso selectivo para o ingreso por quenda libre en dúas prazas da escala técnica de publicacións do Parlamento de Galicia, grupo A, convocado por un acordo da Mesa do Parlamento do 15 de xuño de 2021 (BOPG núm. 163, do 30 de xuño de 2021), logo de analizar as alegacións presentadas por dúas das persoas aspirantes e de as dar por desestimadas, RESOLVEU:

Primeiro. Ratificar as puntuacións previamente outorgadas, que foron publicadas na páxina web do Parlamento de Galicia mediante unha resolución do 29 de xullo de 2022.

Segundo. De acordo co estipulado na base 6.1.3 da convocatoria, que establece que para superar o exercicio cómpre acadar un mínimo de trece (13) puntos na primeira parte do exercicio e sete (7) puntos na segunda parte, declarar que superaron este terceiro exercicio as seguintes persoas aspirantes, con expresión das cualificacións de cada unha das partes e mais da cualificación total do exercicio:

OPOSITOR/RA	1ª PARTE	2ª PARTE	TOTAL
María del Mar López González	18,6	9,6	28,20
Cristian Pernas Rubal	16,1	10,35	26,45
Héctor Pardo Álvarez	15,1	10,15	25,25

Terceiro. De acordo co estipulado na base 6.1.3 da convocatoria, que establece que para superar o exercicio cómpre acadar un mínimo de trece (13) puntos na primeira parte do exercicio e sete (7) puntos na segunda parte, declarar que non superaron este terceiro exercicio as seguintes persoas aspirantes, con expresión das cualificacións de cada unha das probas e mais da cualificación total do exercicio:

<b>OPOSITOR/RA</b>	<b>1<sup>a</sup> PARTE</b>	<b>2<sup>a</sup> PARTE</b>	<b>TOTAL</b>
María Bará Louro	8,3	7,85	16,15
Paula Alexandre Teixeira	8,8	8,95	17,75
Carme María Vidal Reimúndez	17,7	5,15	22,85

Contra esta resolución cabe interpoñer recurso de alzada ante a Mesa do Parlamento, no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co previsto nos artigos 121 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2022

A presidenta do tribunal

Raquel Rodríguez Carro